

AO VALEDOR DO POBO

Fernando Blanco Arce, maior de idade, avogado , con DNI 34961312R , con endereço que sinala a efectos de notificacións en RUA PASEO , 36,4º 32003 OURENSE e endereço de correo electrónico esculca@esculca.net ,en calidade de PRESIDENTE de **ESCOLCA OBSERVATORIO PARA A DEFENSA DE DEREITOS E LIBERDADES** (con CIF G15881014) comparece e como mellor proceda en Dereito EXPÓN.-

Que por medio do presente escrito e con amparo nos artigos 1,13,14,16.3 e 17 ao 22 de lei 6/84 de cinco de xuño que regula a INSTITUCIÓN DO VALEDOR DO POBO formulase **QUEIXA** en relación a actuación do CONCELLO DE A CORUÑA en infracción dos dereitos consagrados en los arts 9.2 y 3 , 10 y 14 da CE DE 1978 pola actuación da POLICIA LOCAL en aplicación da ORDEANZA DE RESIDUOS E LIMPEZA VIARIA (art.112. 3 c) a persoas por tomar comida dos colectores de lixo. Queixa baseada nos seguintes

FEITOS. -

Previo. - Que ESCULCA OBSERVATORIO PARA A DEFENSA DOS DEREITOS E LIBERDADES ten entre os seus fins estatutarios os que a continuación se trascriven:



- 1º) Defender as liberdades e direitos individuais e colectivos dos cidadáns, dos povos e das nacións.
 - 2º) Intervir nos casos de violación dos acima expresados direitos, denunciando perante a opinión pública os feitos determinantes de infracción e solicitando dos organismos correspondentes a adopción de medidas conducentes à restauración do direito violado polos poderes públicos ou polos servizos públicos de que aqueles son titulares.
 - 3º) Ofrecer axuda, dentro das posibilidades da Asociacion, ás persoas ou grupos afectados polo recorte de direitos cidadáns para restablecer a sua situación agredida e reparar os prexuzos ocasionados.
 - 4º) Apresentar denuncias ante calquer agresión nos direitos cívicos, tanto individuais como colectivos.
 - 5º) En tanto que persoa xurídica, a Asociación "ESCOLCA. Observatorio para a Defensa dos Direitos e Liberdades", poderá adquirir e posuir bens de todas clases así como vendelos, gravalos, contraer obrigacións e exercer toda clase de accións civis, criminais e administrativas.
- Con esta finalidade, a Xunta Directiva ou o Presidente, previa autorización segundo os casos, realizará no nome da Entidade os actos ou contratos procedentes.

PRIMERO .- No cadre do seu traballo rutineiro de observación das actuacións policiais practicadas na Galiza , o nos Observatorio constatou como na memoria da POLICIA LOCAL DE A CORUÑA das actuacións de 2013 constan tramitados 19 expedientes por manipulación colector lixo (paxina 81 da devandita memoria) . En realidade , aplicase esta infracción a persoas por buscar comida nos colectores de lixo.

As actuacións non se limitaron a 2013 . Transcribimos os enlaces de diversas noticias nas que constan actuacións semellantes .Asi , en abril de 2014 , recolle Esculca dos medios de comunicación que a POLICÍA DA CORUÑA DENUNCIOU A SETE PERSOAS POR REVOLVEREN NOS CAIXOTES DE LIXO. Segundo diversas informacións, en só dous días a policía municipal da Coruña denunciou sete persoas por rebuscaren nos caixotes de lixo, probablemente na busca de comida. A normativa local citada prevé multas de 100 euros por revolver o lixo, segundo o concello porque "deixa sucia a contorna".

Os denunciados , segundo información recollidas, foron interceptados en varios puntos da cidade e tiñan entre 24 e 45 anos. Segundo a normativa municipal do goberno de Carlos Negreira (PP) esta actividade mancha a



contorna, polo que as persoas identificadas pola policía local seguramente terán que afrontar multas por valor de 100 euros.

En agosto de 2014 , Esculca recollía a seguinte información :

A 50 chega xá o número de persoas denunciadas no ano 2014 por procurar comida e outros obxetos entre o lixo dos contentores nas ruas da Coruña . O motivo? "unha infracción da norma de xestión de resíduos urbanos e limpeza viária" indicaron fontes da policía local, encarregada de realizar as denúncias ordenadas polo goberno municipal.

Segundo a información , a Policial Local coruñesa afirmou que se constata "un incremento das persoas que manipulan resíduos nos contentores", apontando para a existencia de "redes que venden os alimentos que encontran". Tais suspeitas parten do facto de ser a comida o principal alvo das procuras no interior dos contentores por parte de persoas habitualmente catalogadas como "indixentes" pola propia policía municipal. A maioria das persoas denunciadas (33) teñen nacionalidade romena, segundo as fontes indicadas, sendo homens de entre 20 e 40 anos.

<http://esculca.gal/web/node/4148#.VRCE2o6G9e8>

<http://esculca.gal/web/node/4375#.VRCFEI6G9e8>

Os enlaces sinalados recollen as fontes xornalisticas de onde o noso Observatorio obtivo os dados .



SEGUNDO.- Polo que lle consta ao noso Observatorio , os expedientes fundanse na infracción prevista no artigo 112.s c) da ORDEANZA DE XESTIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS E LIMPEZA VIARIA , que sinala como sancionabel infrinxir a prohibición recollida no artigo 12 d) de mesmo texto regulementario con conducta prohibida “manipular os residuos unha vez depositados nos colectores”.

Agora ben , subsumir a busca de comida en colectores de lixo como infracción no incumprimento da prohibición do art.12 d) supon unha desnecesaria criminalización da probreza e exclusión social e afastar a aplicación da norma da finalidade para a que foi prevista (a protección do medio ambiente e a limpeza) introducindo finalidades ou motivacións de control policial de grupos concretos de persoas como pon de manifesto as declaracions citadas de fontes da POLICIA LOCAL .

Asemade , a norma obxecto deste escrito e a sua aplicación pode supor unha forma de discriminación racial ou actuación xenófoba dado que ven recaendo nunha alta porcentaxe en persoas de nacionalidade romena que se limitan a percura de comida .

E obvio que a aplicación que a POLICIA LOCAL ven facendo da devandita norma vai criminalizar e sancionar a persoas en situación de probreza e exclusión social e ,alen diso , produce efectos discriminatorios por razón de raza ou nacionalidade.

A aplicación da norma tal como se recolle nos medios de comunicación e desnecesaria porque de feito esta a conseguir sancionar a persoas que so



buscan obxectos no lixo que podan consumir , ou reciclar nunha actividade legal . E dicer , si o que se pretende e sancionar a quelas persoas que verten residuos lixando a cidade , poden aplicarse outros preceptos como o 112.,3 a). Mas a norma a que nos referimos produce o efecto perverso de sancionar a probreza cunha finaliadde allea a defensa do medio ambiente e a limpeza ,dado que non asumir o noso Observatorio que a finalidade da norma sexa sancionar a persoas que en situación de necesidade económica buscan no lixo alimentos ou residuos dos que poidan obter alguma utilidade.

TERCERO.- Estima o noso OBSERVATORIO que a aplicación da ORDEANZA DE LIMPEZA pola POLICIA LOCAL DE A CORUÑA está determinando violación de dereitos consagrados no TITULO I da CE de 1978 por unha Administración local. En concreto , hai infracción do derecho a dignidade da persoa, á integridade moral e do derecho á non discriminación .



Interesamos , por tanto, a incoación de expediente de queixa referente á aplicación a persoas indixentes , nomeadamente de nacionalidade romena , do art. 112.3 c) da ORDEANZA DE XESTIÓN DE RESIDUOS E LIMPEZA VIARIA do CONCELLO DE A CORUÑA , Propondo as medidas que procedan a fin de evitar que a aplicación da norma citada persiga fins diferentes dos propios na ordeanza e evitando que produza efectos discriminatarios .

SOLICITO .- Se teña por presentado este escrito , por interposta



QUEIXA pola aplicación da ORDEANZA DE LIMPEZA DO CONCELLO DE A CORUÑA cos fins e efectos sinalados , formulando as recomendacións que procedan á Administración Local para garantir o respeito aos dereitos fundamentais consagrados no título I da CE de 1978.

Compostela , a 24 de marzo de 2015.





OBSERVATORIO PARA A DEFENSA DOS DIREITOS E LIBERDADES

Buscar neste sitio:
[Boletín](#) [Guías](#) [Relatórios EsCULca](#) [Direito Internacional](#) [Mediateca](#) [Lei de Transparencia](#) [lente](#) [Contacto](#)

POLICÍA DA CORUÑA DENUNCIA SETE PERSOAS POR REVOLVEREN NOS CAIXOTES DE LIXO EN BUSCA DE COMIDA

20/04/2014

 Segundo diversas informacions, en só dous días a policía municipal da Coruña -e non é a primeira vez- denunciou sete persoas por rebuscaren nos caixotes de lixo, probabelmente na busca de comida. A normativa local do goberno de Carlos Negreira prevé multas de 100 euros por revolver o lixo, segundo o concello porque "deixa sucia a contorna".

Os denunciados foron interceptados en varios puntos da cidade e teñen entre 24 e 45 anos. Segundo a normativa municipal do goberno de Carlos Negreira (PP) esta actividade mancha a contorna, polo que as persoas identificadas pola policía local seguramente terán que afrontar multas por valor de 100 euros.

Máis información aquí.

0

DIREITO INTERNACIONAL

[Convenção sobre os Direitos das Pessoas com Deficiência](#)

[Pacto Internacional sobre os Direitos Económicos, Sociais e Culturais](#)

[Convenio para a Protección dos Direitos Civís e Políticos](#)

[Principios para a Protección das Pessoas Suxetas a Prisión](#)

[Protocolo facultativo á Convención contra a Tortura e Outros Tratamentos o Penas Cruéis, Desumanos ou Degradantes](#)

NEWSLETTER


[Boletín electrónico](#)
Para recibir o Newsletter de Eskulca, subscriptase aquí



ÚLTIMO NÚMERO



BIBLIOTECA



Justice Belied: The unbalanced scales of international justice
SEBASTIEN CHARTRAND AND JOHN PHILPOT
BARAKA BOOKS (ED.)



El caso Portu - Sarasola. Los



Guantanamo Diary
MOHAMEDOU OULD SLAH

VIDEOTECA



Ciutat Morta



Citizenfour: o documentário
sobre as denúncias de Edward
Snowden



The Land Between
DAVID FEDELE

Última actualización web:
29 de Marzo de 2015

REDES SOCIAIS



converte a túa aula en nova de portada!!

(<http://www.sermostgaliza.gal/ads/20140901090613030209.html>)

subscribe o teu
centro por SÓ 12€
xerencia@sermostgaliza.com

[Saltar ao contido](#)

9:12 h. Segunda feira, 30 de Marzo do 2015

SERMO~~S~~OS GALIZA
Subscríbete ao semanario

[\(http://www.sermostgaliza.gal/ads/20120426030613000516.html\)](http://www.sermostgaliza.gal/ads/20120426030613000516.html)

Buscar artigos no web

Buscar

SERMO~~S~~OS GALIZA

(/)

CAPA

GALIZA

INTERNACIONAL

COMUNIDADE SERMOS

CULTURA

DEPORTES

POLÍTICA (/BLOG/SECTION/POLITICA) 3 COMARCAS (/BLOG/SECTION/COMARCAS) 1 SOCIAL (/BLOG/SECTION/SOCIAL) 1 TRABALLO (/BLOG/SECTION/TRABALLO) 1 (/BLOG/SECTION/DEPORTES) 1/C

ECONOMÍA (/BLOG/SECTION/ECONOMIA)

LINGUA (/BLOG/SECTION/LINGUA)

SERMOS)

LIXO/2014041919054426424)



Unha persoa sen recurso pasa polo centro da cidade.

NOVAS EN SERMOS



1 EH Bai bate con
comodidade o Frente
Nacional de Le Pen nun
cántón de Iparralde
(<http://www.sermostgaliza.gal/bai-bate-comodidade->



2 Xurxo Álvarez segue á
fronte da Fruga, que
defende "un rural con
futuro"
(<http://www.sermostgaliza.gal/alonzo-segue-fronte-da->



3 A policía portuguesa
agrede unha concelleira
do BNG após unha
protesta pacífica
(<http://www.sermostgaliza.gal/policia-portuguesa-agrede->

O + EN SERMOS GALIZA

+ visto
+ votado

A policía portuguesa agrede unha concelleira do BNG após unha protesta pacífica
(<http://www.sermostgaliza.gal/articulo/politica/policia-portuguesa-agrede-concellera-do-bng-apos-protesta-pacifica/20150329190346036168.html>)

Cousas do calendario
(<http://www.sermostgaliza.gal/articulo/memoria/coleccao-calendario/20150328201634036158.html>)

Ourense en Común "consensuará" unha nova
lista, sen Podemos
(<http://www.sermostgaliza.gal/articulo/politica/ourense-comun-consensuar-a-nova-lista-podemos/20150328092827036151.html>)

Débora Campos: "Hai académicos traballando
sobre Galiza por todo o planeta"
(<http://www.sermostgaliza.gal/articulo/cultura/debora-campos/20150327075727036117.html>)

Xurxo Álvarez segue á fronte da Fruga, que
defende "un rural con futuro"
(<http://www.sermostgaliza.gal/articulo/traballo/xurxo-alvarez-segue-fronte-da-fruga-defende-rural-futuro/20150329192025036169.html>)

O BNG sitúa como prioridade dos concellos "as
 persoas e o pobo galego"
(<http://www.sermostgaliza.gal/articulo/politica/bng-situa-prioridade-concellos-poner-dante-pessoas-pobo-galego/20150328150905036153.html>)

"Se les calquera libro de historia Galiza semella
que non ten"
(<http://www.sermostgaliza.gal/articulo/comunidad-sermos/calquera-libro-historia-galiza-semella-non-ten/20150327191509036142.html>)

A policía da Coruña denuncia a sete persoas por revolver nos contedores de lixo

A normativa local do goberno de Carlos Negreira multa con 100 euros a toda persoa que revolva o lixo, segundo o concello porque "deixa sucia a contorna". Normalmente, só andan nos contedores persoas en busca de comida.

Gústame 0 Twittear 0 8+1 3



ch! CHUZA ([HTTP://CHUZA.GL/SUBMIT.PHP?](http://CHUZA.GL/SUBMIT.PHP?))

BS BS ([HTTP://WWW.SERMO~~S~~OS GALIZA.GAL/ARTICULO/SOCIAL/POLICIA-DA-CORUNA-DENUNCIA-PERSONAS-REVOLVER-NOS-CONTEDORES-LIXO/20140419190544026424.HTML](http://WWW.SERMOSOS GALIZA.GAL/ARTICULO/SOCIAL/POLICIA-DA-CORUNA-DENUNCIA-PERSONAS-REVOLVER-NOS-CONTEDORES-LIXO/20140419190544026424.HTML))

SOQUETAS NOTICIAS SOQUETAS NOTICIAS ([HTTP://WWW.SERMO~~S~~OS GALIZA.GAL/ARTICULO/SOCIAL/POLICIA-DA-CORUNA-DENUNCIA-PERSONAS-REVOLVER-NOS-CONTEDORES-LIXO/20140419190544026424.HTML](http://WWW.SERMOSOS GALIZA.GAL/ARTICULO/SOCIAL/POLICIA-DA-CORUNA-DENUNCIA-PERSONAS-REVOLVER-NOS-CONTEDORES-LIXO/20140419190544026424.HTML))

DIFUNDIR DIFUNDIR ([HTTP://WWW.CABOZO.COMSHARE.PHP?URL=HTTP://WWW.SERMO~~S~~OS GALIZA.GAL/ARTICULO/SOCIAL/POLICIA-DA-CORUNA-DENUNCIA-PERSONAS-REVOLVER-NOS-CONTEDORES-LIXO/20140419190544026424.HTML](http://WWW.CABOZO.COMSHARE.PHP?URL=HTTP://WWW.SERMOSOS GALIZA.GAL/ARTICULO/SOCIAL/POLICIA-DA-CORUNA-DENUNCIA-PERSONAS-REVOLVER-NOS-CONTEDORES-LIXO/20140419190544026424.HTML))

Os denunciados foron interceptados en varios puntos da cidade e teñen entre 24 e 45 anos. Segundo a normativa municipal do goberno de Carlos Negreira (PP) esta actividade mancha a contorna, polo que as persoas identificadas pola policía local seguramente terán que afrontar multas por valor de 100 euros.

Hai tres meses, o BNG pediu no Concello que se derogara esa ordenanza, pero non foi escoitado.

MAIS NOTICIAS (4)



Fruga converte a súa II
Asemblea nacional
nunha defensa da vida
no rural

(<http://www.sermosgaliza.gal/2015/03/29/fruga-converte-sua-ii-asamblea-nacional-nunha-defensa-da-vida-no-rural/>)

A subcomisión de
Sanidade continua a
denegar tratamentos a
doentes de hepatite C

(<http://www.sermosgaliza.gal/2015/03/29/a-subcomision-de-sanidade-continua-a-denegar-tratamientos-a-doentes-de-hepatite-c/>)

A metade dos fogares
galegos ingresa menos
de 1.652 euros ao mes

(<http://www.sermosgaliza.gal/2015/03/29/a-metade-dos-fogares-galegos-ingresa-menos-de-1-652-euros-ao-mes/>)

"Sábense poderosos e
abusan"

(<http://www.sermosgaliza.gal/2015/03/29/saben-se-poderosos-e-abusan/>)

Cousas do calendario
(<http://www.sermosgaliza.gal/articulo/memoria/coleccao-calendario/20150328201634036158.html>)

A policía portuguesa agrede unha concelleira do
BNG após unha protesta pacífica
(<http://www.sermosgaliza.gal/articulo/politica/policia-portuguesa-agrede-concelleira-do-bng-apos-protesta-pacifica/20150329190346036168.html>)

O Bloque solicitará no Congreso quitar a peaxe
entre Redondela e Vigo
(<http://www.sermosgaliza.gal/articulo/politica/bloque-solicitará-no-congreso-quitar-peaxe-redondela-vigo/20150329133406036164.html>)

A subcomisión de Sanidade continua a denegar
tratamentos a doentes de hepatite C
(<http://www.sermosgaliza.gal/articulo/social/subcomision-de-sanidade-continua-denegar-tratamientos-a-doentes-hepatite-c/20150327204540036145.html>)

Débora Campos: "Hai académicos traballando
sobre Galiza por todo o planeta"
(<http://www.sermosgaliza.gal/articulo/cultura/debora-campos/20150327075727036117.html>)

PUBLICIDADE

Sermos Galiza

[Subscrição ao semanario](#) ([/estaticas/subscricion-semanario/](#))
[Contacto](#) ([/estaticas/contacto/](#))
[Aviso Legal](#) ([/estaticas/aviso-legal/](#))

Categorías

[Capa](#) (/)
[Galiza](#) ([/seccion/galiza/](#))
[Internacional](#) ([/blog/section/internacional](#))
[Comunidad Sermos](#) ([/blog/section/comunidade-sermos](#))
[Cultura](#) ([/blog/section/cultura](#))
[Deportes](#) ([/blog/section/deportes](#))
[Opinión](#) ([/opinion](#))
[A nosa loxa](#) (<http://tenda.sermosgaliza.com>)
[Outras seccións](#)
[Versión móvil](#) ([/mobile](#))
[Publicidade](#) ([/estaticas/publicidade/](#))
[RSS](#) ([/rss/listado](#))



<http://www.sacacontos.com>



OBSERVATORIO PARA A DEFESA DOS DIREITOS E LIBERDADES

Buscar neste sitio:

[Boletin](#) [Guías](#) [Relatórios EsCULCA](#) [Direito Internacional](#) [Mediateca](#) [Lei de Transparencia](#) [lente](#) [Contacto](#)

POLÍCIA LOCAL CONTRA PESSOAS QUE PROCURAM COMIDA NOS CONTENTORES

GOVERNO MUNICIPAL DA CORUNHA

30/08/2014



A 50 chega já o número de pessoas denunciadas neste ano por procurarem comida e outros objetos entre o lixo dos contentores nas ruas da Corunha. O motivo? "uma infração à norma de gestor dos resíduos urbanos e limpeza viária", indicam fontes da polícia local, encarregada de realizar as denúncias ordenadas polo governo municipal.

O número contrasta com as só 5 denunciadas no ano anterior e parece indicar um incremento da política repressiva contra a população pobre, obrigada a recorrer inclusive ao lixo para a subsistência em tempos de crise.

A Policial Local corunhesa afirmou que se constata "um incremento das pessoas que manipulam resíduos nos contentores", apontando para a existência de "redes que vendem os alimentos que encontram". Tais suspeitas partem do facto de ser a comida o principal alvo das procura no interior dos contentores por parte de pessoas habitualmente catalogadas como "indigentes" pola própria polícia municipal. A maioria das pessoas denunciadas (33) têm nacionalidade romena, segundo as fontes indicadas, sendo homens de entre 20 e 40 anos.

Nengumha reflexom nem anúncio de medidas municipais para o combate às flagrantes pobreza e desigualdade, tam evidentes como impunes na Corunha e no resto do nosso país.

Mais informaçom aqui.

0

DIREITO INTERNACIONAL

Protocolo facultativo à Convención contra a Tortura e Outros Tratamentos ou Penas Cruéis, Desumanas ou Degradantes

Convención relativa ao Estatuto dos Refuxiados

Principios para a Protección das Pessoas Suxeitas a Prisión

Pacto Internacional sobre os Direitos Económicos, Sociais e Culturais

Declaración sobre a protección de todas as persoas contra a tortura e outros tratamentos crueis, desumanos ou degradantes

NEWSLETTER


Boletín electrónico
Para recibir o Newsletter de Eskulca, subscribase aquí



ÚLTIMO NÚMERO



BIBLIOTECA



Justice Belied: The unbalanced scales of international justice
SEBASTIEN CHARTRAND AND JOHN PHILPOT
BARAKA BOOKS (ED.)



El caso Portu - Sarasola. Los encubridores de la tortura al desnudo
XABIER MAKAZAGA



Guantanamo Diary
MOHAMEDOU OULD SLAH

VIDEOTECA



Ciutat Morta



Citizenfour: o documentário sobre as denúncias de Edward Snowden



The Land Between
DAVID FEDELE

Última actualización web:
29 de Marzo de 2015

REDES SOCIAIS



CLOSE X

Loading Image...

Registrar / Autenticar

A A A

[Início](#) [Galiza](#) [Portugal](#) [Brasil](#) [África/Ásia](#) [América Latina](#) [Mundo](#) [Entrevistas](#) [Audiovisual](#) [Opiniom](#) [Quadrinhos](#)

Brasília: 30 de Março de 2015 05:16 Compostela e Lisboa: 30 de Março de 2015 07:16 Luanda: 30 de Março de 2015 08:16 Maputo: 30 de Março de 2015 09:16

Pagina Principal » Artigos em destaque » Portugal » Comunicaçom » Portugal: o mais lido no Diário Liberdade em 2013

Recomendar

Curtir

g+1

Tweetar

(2 Votos)

Arquivado em: repressom pobreza desigualdade corunha

Governo corunhês do PP manda a polícia local contra pessoas que procuram comida nos contentores

Galiza - Categoria: Repressom e direitos humanos

Publicado em Sexta, 29 Agosto 2014 02:32



Galiza - Diário Liberdade - A 50 chega o número de pessoas denunciadas neste ano por procurarem comida e outros objetos entre o lixo dos contentores nas ruas da Corunha.

O motivo? "uma infraçom à norma de gestão dos resíduos urbanos e limpeza vária", indicam fontes da polícia local, encarregada de realizar as denúncias ordenadas pelo governo municipal.

O número contrasta com as só 5 denunciadas no ano anterior e parece indicar um incremento da política repressiva contra a população pobre, obrigada a recorrer inclusive ao lixo para a subsistência em tempos de crise.

A Policial Local corunhesa afirmou que se constata "um incremento das pessoas que manipulam resíduos nos contentores", apontando para a existência de "redes que vendem os alimentos que encontram". Tais suspeitas partem do facto de ser a comida o principal alvo das procuraçom no interior dos contentores por parte de pessoas habitualmente catalogadas como "indigentes" pola própria polícia municipal. A maioria das pessoas denunciadas (33) tem nacionalidade romena, segundo as fontes indicadas, sendo homens de entre 20 e 40 anos.

Nenhumha reflexom nem anúncio de medidas municipais para o combate às flagrantes pobreza e desigualdade, tam evidentes como impunes na Corunha e no resto do nosso país.

Diário Liberdade é um projeto sem fins lucrativos, mas cuja atividade gera uns gastos fixos importantes em hosting, domínios, manutençom e programaçom. Com a tua ajuda, poderemos manter o projeto livre e fazê-lo crescer em conteúdos e funcionalidades.

Microdoaçom de 3 euro:

[Doar](#)

Doaçom de valor livre:

EUR ▾

[Doar](#)

ÚLTIMA HORA

Tweets

[Seguir](#)
 **Diário Liberdade**

10h

#Portugal: Mercado de trabalho encontra-se ' numa situação depressiva sem precedentes' diarioliberdade.org/portugal/labor...

[Expandir](#)
 **Diário Liberdade**

10h

Estado policial com a aprovada Lei Mordaça e Reforma do Código Penal diarioliberdade.org/galiza/repress... #Galiza

[Expandir](#)
 **Diário Liberdade**

10h

Denunciam repressom contra as e os estudantes em #Compostela diarioliberdade.org/galiza/repress...

[Expandir](#)
 **Diário Liberdade**

10h

#Venezuela não está só diarioliberdade.org/america-latina...

[Tweetar para @diarioliberdade](#)

Notícias relacionadas:

- Estado policial com a aprovada Lei Mordaça e Reforma do Código Penal - 29/03/2015 22:35
- Denunciam repressom contra as e os estudantes em Compostela - 29/03/2015 22:32
- Compostela: Denunciam agressom policial no Parque de Belvís - 29/03/2015 16:27
- Assembleia Aberta de Coia convoca à solidariedade com a luta polos direitos sociais e com Diego - 16/03/2015 16:31
- Galego-venezuelano detido no Porto deu conferênciā de imprensa em Compostela - 15/03/2015 00:00

Notícias mais recentes:

- A repressom chega da maio de "La Vuelta" - 11/09/2014 00:00
- CIG, CCOO e UGT retomam mobilizaçons polo indulto de Carlos e Serafín - 10/09/2014 09:40
- Apoio para o preso em greve de fame indefinida no cárcere da Lama - 07/09/2014 15:37
- Centenas solidarizam-se com o bombeiro sancionado por se negar a intervir num despejo - 07/09/2014 15:34
- Julgam por "alteraçom da ordem" o bombeiro

Notícias anteriores:

- Voltam as concentrações mensais pela liberdade das presas e presos independentistas - 28/08/2014 15:56
- [Vídeo] A Polícia espanhola defende Merkel e Rajoy dos protestos galegos em Compostela - 25/08/2014 13:04
- CNT organiza jornadas anti-repressivas em Vigo - 22/08/2014 17:35
- Zoológicas - 21/08/2014 11:04
- Ministério espanhol das Finanças inicia processo para o despejo de uma luguesa com deficiência - 20/08/2014 15:34

Adicionar comentário

Diário Liberdade defende a discussão política livre, aberta e fraterna entre as pessoas e as correntes que fazem parte da esquerda revolucionária. Porém, nestas páginas não temos cabimento o ataque às entidades ou às pessoas nem o insulto como alegados argumentos. Os comentários serão geridos e, no seu caso, eliminados, consoante estes critérios. **Aviso sobre Dados Pessoais:** De conformidade com o estabelecido na Lei Orgânica 15/1999 de Proteção de Dados de Caráter Pessoal, enviando o teu email estás a concordar com a inclusão dos teus dados num arquivo da titularidade da AC Diário Liberdade. O fim desse arquivo é possibilitar a adequada gestão dos comentários. Possesses os direitos de acesso, cancelamento, rectificação e oposição desses dados, e podes exercê-los escrevendo para diarioliberdade@gmail.com, indicando no assunto do email "LOPD - Comentários".

 Nome (obrigatório)

 E-mail (obrigatório)

 Título


1000 caracteres


 Digite o texto

JComments

[Quem somos](#) | [Info legal](#) | [Publicidade](#) | Copyleft © 2010 Diário Liberdade.

Contacto: Info [arroba] diarioliberdade.org

Desenhado por *Eledian Technology*

DATA: 28/09/2005	
REFERENCIA	Expte. 2.691/320
ASUNTO	
INSCRICIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS.	

CONCELLO DE VIGO
REXISTRO DE SAÍDA
Nº 14691
Data 28/09/2005

DESTINATARIO
“Esculca, Observatorio para a defensa dos dereitos e liberdades fundamentais”
Agro Da Torre S/N
C.P. 15883 TEO (A CORUÑA)

Tras a análise da solicitude de inscripción no Rexistro Municipal de Asociacións, presentada pola “Esculca, Observatorio para a defensa dos dereitos e liberdades fundamentais”, con data de entrada no Rexistro Xeral a, 16/06/05, aprécianse os seguintes:

FEITOS: 1.- A asociación achega xunto coa solicitude a documentación e demais datos que exixe o artigo 236.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

2.- Que a asociación está incluída no ámbito de aplicación da Lei 1/2002 de 22 de marzo, Reguladora do Dereito de Asociación, e que por resolución de data 19 de novembro de 2002 da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local da Xunta de Galicia, visáronse os estatutos e inscribiuse a asociación co número de rexistro: 923/02.

3.- Que lle corresponde a esta corporación local favorecer o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, e que estes dereitos soamente serán exercitables por aquellas que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións .

EXAMINADOS: A Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local, R.D. 2568/1986 do 28 de novembro de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, Regulamento de participación cidadá aprobado polo Concello de Vigo en Pleno de data 26/03/92 e a Lei 30/1992 de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.


En virtude de todo isto, a Delegada de Goberno da Área de Participación Cidadá.

RESOLVE: Inscribir a asociación “Esculca, Observatorio para a defensa dos dereitos e liberdades fundamentais” con número municipal 933-05 para os sós efectos de publicidade e coñecemento do número de entidades existentes no municipio, os seus fins e representatividade que posibiliten unha correcta política municipal de fomento de asociacionismo vecinal.

Contra a presente resolución poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante o órgano que a dictou no prazo de un mes, que se entenderá desestimado se transcorre outro sen contestarse; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, como se prevé nos supostos previstos no art. 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdicción contencioso-administrativa, (tras modificación pola lei 19/2003 de 23 de decembro), no prazo de dous meses.

Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderase interpoñer directamente dito recurso contencioso-administrativo no indicado prazo.

En todos os casos os prazos contarán a partir o día seguinte á recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición enténdese desestimado.




A DELEGADA DE GOBIERNO DA ÁREA DE
PARTICIPACIÓN CIDADÁ

Asdo: María Josefa Bueno.

Vigo a, 28 de setembro de 2005



O TITULAR DO ÓRGANO DE APOIO Á
XUNTA DE GOBIERNO LOCAL,


Asdo: Manuel Xosé Lorenzo Penela.

Área de Participación Cidadá

Tlfn. 986 810 157 Fax: 986.810.263 E-mail: ofi.pcidada@vigo.org



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

Reunidos em Santiago de Compostela, o dia 11 de Setembro de 2002, Jose Alberto Garcia Suarez, con domicilio en Rua de Berra, 2F-3eiro-B – C.P.15707 – Santiago de Compostela e DNI 35929311-E; Ramon Lopez-Suevos Fernandez, con domicilio en Agro da Torre-Cacheiras, C.P.15883 - TEO e DNI 32550948-Z; Elias J. Torres Feijo, con domicilio en Devesa 61, Arins, Santiago de Compostela e DNI 35553467-K; Elvira Souto Presedo, con domicilio en Agro da Torre-Cacheiras, C.P.15883 - TEO e DNI 32.382.511,

ACORDAN promover a constitucion de unha asociacion de ambito galego, suxeita a Lei Organica 1/2002, de 22 de Marzo, co nome de "Escrulax. Observatorio para a defensa dos direitos e as liberdades".

A asociacion, de caracter non lucrativo, constitui-se por tempo indefinido. Os seus fins seran a defensa das liberdades e os direitos individuais e colectivos dos cidadans, dos povos e das nacions e o seu funcionamento interno sera regulado polos Estatutos que se advxuntan con este escrito.

Os orgaos de administracion, xestion e representacion da asociacion seran ocupados provisoriamente polas seguintes persoas :

Presidente : Vitor Vaqueiro Foxo

Vice-Presidente : Marcial Gondar Portasany

Secretario : Celso Lopez Pazos

Tesoureiro : Afonso Ribas Fraga

Vogais : Gustavo Garcia Fernandez, Elias Torres Feijo, Rosa Chapela Perez, Fernando Martinez Randulfe, Elvira Souto Presedo.

O acordo de constitucion da asociacion fica representado perante a administracion por Elvira Souto Presedo, con domicilio en Agro da Torre-Cacheiras, s/n, 15883 – TEO. Telefono : 981-808437.

Santiago de Compostela, 11 de Setembro de 2002

Asdo.) Jose Alberto Garcia Suarez
DNI 35929311

Asdo.) Elias J. Torres Feijo
DNI 35553467

Asdo.) Ramon Lopez-Suevos Fernandez
DNI 32550948

Asdo.) Elvira Souto Presedo
DNI 32362511



ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN "ESCALCA. OBSERVATORIO PARA A DEFENSA DOS DIREITOS E LIBERDADES"

CAPÍTULO I DENOMINACIÓN E FINS

Art . 1º. Co nome de "*ESCALCA. Observatorio para a Defensa dos Direitos e Liberdades*" constitúese en Santiago de Compostela, unha Asociación de ámbito galego, suxeita á Lei Orgánica 1/2002, de 22 de Marzo, reguladora do direito de asociación.

A Asociación "*ESCALCA. Observatorio para a Defensa dos Direitos e Liberdades*" constitúese por tempo indefinido, con carácter non lucrativo e o seu funcionamento será democrático.

Art. 2º. Os seus fins serán:

1º) Defender as liberdades e direitos individuais e colectivos dos cidadáns, dos povos e das nacións.

2º) Intervir nos casos de violación dos acima expresados direitos, denunciando perante a opinión pública os feitos determinantes de infracción e solicitando dos organismos correspondentes a adopción de medidas conducentes á restauración do direito violado polos poderes públicos ou polos servizos públicos de que aqueles son titulares.

3º) Ofrecer axuda, dentro das posibilidades da Asociacion, ás persoas ou grupos afectados polo recorte de direitos cidadáns para restablecer a sua situación agredida e reparar os prexuzos ocasionados.

4º) Apresentar denuncias ante calquier agresión nos direitos cívicos, tanto individuais como colectivos.

5º) En tanto que persoa xurídica, a Asociación "*ESCALCA. Observatorio para a Defensa dos Direitos e Liberdades*", poderá adquirir e posuir bens de todas clases así como vendelos, gravalos, contraer obrigacións e exercer toda clase de accións civis, criminais e administrativas.

Con esta finalidade, a Xunta Directiva ou o Presidente, previa autorización segundo os casos, realizará no nome da Entidade os actos ou contratos procedentes.

CAPÍTULO II DOMICILIO E ÁMBITO TERRITORIAL DE ACCIÓN PREVISTO

Art. 3º. A Asociación que se constitúe terá o seu domicilio social en: Agro da Torre, Cacheiras, s/n – 15883 - TEO. O domicilio poderá ser variado por acordo da Xunta Directiva.

Art. 4º.1. O ámbito territorial en que desenvolverá primordialmente a sua actividade será Galiza, mas con atención a toda merma de liberdades e direitos cidadáns que se produzir en calquier outro lugar.

Art. 4.2. O idioma empregado por "*Esculca. Observatorio para a defensa dos direitos e liberdades*" sera exclusivamente o galego. No caso de eventuais actuacions fora dos



limites administrativos da Galiza, a asociacion usara a lingua acaida a cada circunstancia.

CAPÍTULO III ÓRGANOS DIRECTIVOS E FORMA DE ADMINISTRACIÓN

Art. 5º. A Asamblea Xeral é o órgao de expresión da vontade dos socios e dos acordos sociais da Asociación. Pode ser ordinaria e extraordinaria.

1º) Serán facultades da Asamblea Xeral ordinaria:

- a) Exame e aprobación das contas do exercicio anterior e orzamento do seguinte.
- b) Nomeamento de cargos.
- c) Decisións sobre os asuntos determinados pola Xunta Directiva.
- d) Admisión de socios honorarios a proposta da Xunta Directiva.
- e) Fixación anual das cuotas que deben abonar os socios.

2º) Será necesaria a Asamblea Xeral extraordinaria para decidir os seguintes asuntos:

- a) Modificación dos estatutos sociais.
- b) Elección dos membros da Xunta Directiva.
- c) Nomeamentos de liquidadores.
- d) Disolución e liquidación da Sociedade.
- e) Todos aqueles asuntos que a Xunta Directiva estimar necesarios ou convenientes, por propia iniciativa ou por petición dos socios.
- f) Ratificación ou revocación das sancións de expulsión de socios acordada pola Xunta Directiva previa iniciación do oportuno expediente.

3º) Tanto na Asamblea Xeral ordinaria como na extraordinaria, os acordos serán adoptados polo principio maioritario, correspondendo a cada socio un voto, se ben para a disolución da asociación, modificación de Estatutos, venda de bens ou remuneración dos integrantes do órgao de representación, será necesaria maioria cualificada de dous terzos dos socios, en primeira convocatoria e dous terzos dos asistentes, en segunda convocatoria.

4º) A Asamblea Xeral ordinaria reunirase unha vez por ano, sen perxuízo de celebrarense reunións extraordinarias cando o solicitar a Xunta Directiva ou unha terceira parte dos socios. En caso de igualdade, o presidente terá voto de calidad.

5º) A Asamblea Xeral extraordinaria reunirase cando for convocada pola Xunta Directiva ou solicitada polo 20% dos socios en tempo e forma. Será convocada pola Xunta Directiva nun prazo non superior a 30 días naturais, desde que fose solicitada polo 20% dos socios e no seu transcurso só poderán ser tratados os asuntos que figuraren na convocatoria.

6º) A convocatoria para as assembleas, tanto para as ordinarias como para as extraordinarias, será feita cun mínimo de 15 días de antelación. As citacións serán dirixidas por escrito (carta, correo electrónico ou fax) ao enderezo indicado polos socios ou mediante a publicación de nota de convocatoria nun diario de difusión en toda Galiza, sendo necesario constar dia, lugar, hora en primeira e segunda convocatoria e orde do día.



7º) Para os acordos seren válidos, deberá asistir a metade máis un dos socios. De non poder celebrarse a sesión por falta de quorum, terase por citada en segunda convocatoria pasados trinta minutos da hora sinalada para a primeira, e os seus acordos terán carácter executivo sexa cal for o número dos socios asistentes.

O voto será sempre secreto, libre e directo, igual para cada socio e indelegabel. Poderán facerse votacións a man alzada sempre que así o acordar a totalidade dos asistentes.

8º) O Secretario levantará acta de todas as reunións e esta será subscrita polo Presidente e dous asistentes nomeados pola Asemblea para esta finalidade.

9º) Para a elección dos membros da Xunta Directiva convocarase asemblea con vinte días de antelación. A elección realizarase por maioria simples dos votos presentes.

10º) Abrirá a sesión o Presidente da Xunta Directiva e actuará como secretario o que o for tamén da Xunta Directiva ou o que por decisión da asemblea se designar no mesmo acto. Este iniciaráse levantando lista dos asistentes con direito a voto para comprobar se existe quorum; dirixirá as deliberacións o presidente; por cada tema da Orde do Día abriráse un turno de opinións a favor e outro en contra; o presidente poderá limitar o número de intervencións en ambos os sentidos cando excederen de cinco por cada unha das propostas, tanto das contidas na Orde do Dia como das alternativas que propuxeren os asistentes. Os acordos tomaranse sempre por maioria simples de asistentes, tendo o Presidente voto de cualidade, excepto nos casos establecidos no apartado 3º deste artigo. Da súa execución é responsabel a Xunta Directiva a non ser que a Asemblea designe a persoa ou persoas para a execución dun concreto acordo.

Art. 6º. A Xunta Directiva, por delegación da Asemblea Xeral, é o órgao de administración, xestión e representación da asociación.

Estará composta por:

Un presidente

Un vicepresidente

Un secretario

Un tesoureiro

Un numero indeterminado de vogais

2º) Todos eles deben ser socios e gozar de plena capacidade civil. Serán elixidos en Asemblea Xeral.

3º) Os cargos renovaranse cada catro anos.

4º) Os membros da Xunta Directiva son responsables da súa xestión e renderán contas perante a Asemblea Xeral.

5º) As vacantes que se produziren durante a vixencia de mandatos, serán cobertas até a convocatoria da primeira asemblea por socios designados pola Xunta Directiva. Se, ao longo do mandato, se producir máis dunha vacante, a Xunta Directiva deberá proceder, nos tres meses seguintes á designación da segunda, convocando a Asemblea Xeral correspondente para elixir unha nova Xunta Directiva. O mesmo deberá facerse cando a vacante for do Presidente.

6º) Reunirase obligatoriamente unha vez por ano, e cantas veces o acordar o Presidente ou o solicitar, como mínimo, a metade dos membros electos.

Art. 7º. A Xunta Directiva terá as seguintes facultades e misións:

1º) Admitir novos socios.

2º) Facer cumplir os estatutos.

3º) Administrar os fondos da asociación.

4º) Preparar as asembleas xerais.



5º) Executar as actividades indicadas no artigo 2 destes estatutos.

As decisións serán adoptadas por maioria, no caso de igualdade o presidente terá voto de calidade.

Os acordos serán executivos e firmes, sen perxuízo de a Xunta Directiva ter de dar conta dos mesmos á Asemblea Xeral na reunión anual.

Os acordos das reunións da Xunta Directiva serán recollidos en Acta, que se inscreberá no libro correspondente. Este libro, así como o rexisto de socios e todos os documentos regulamentarios para a administración da sociedade, estarán debidamente legalizados e custodiados polo Secretario.

A Xunta Directiva poderá criar comisións temporais ou permanentes (de propaganda, económicas, culturais, etc.), que serán presididas por un dos seus membros. Actuará de secretario o da propia Entidade, que poderá ser substituído por outro membro. Os acordos, para seren executivos, precisarán a aprobación da Directiva.

Os membros da Xunta Directiva cesarán por perda da condición de socio, por renuncia, ou por falta de asistencia non xustificada a mais de dúas reunións consecutivas ou tres alternas estatutariamente convocadas pola Xunta; se algún membro da Xunta Directiva incorrer en causa de cesamento, a Xunta podera tomar o acordo de cesalo e, no prazo máximo de dous meses, deberá convocar a Xunta Xeral Extraordinaria para dar conta de tal acordo e solicitar a asemblea a ratificación do cesamento, para o que será suficiente a maioria simples dos asistentes.

Art. 8º. O Presidente da Xunta Directiva ten asignadas as seguintes funcións:

1º) Representar oficialmente a Asociación, tanto xudicial como extra-xudicialmente, con facultade para delegar en terceiras persoas.

2º) Levar a firma social.

3º) Convocar e presidir as sesións da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral.

4º) Intervir en toda clase de actos e celebrar contratos con terceiras persoas, previa autorización da Asemblea Xeral se se tratar da adquisición, modificación ou alienación de parcelas, inmobles ou dereitos reais.

5º) Executar ou facer e solver co seu voto os casos de igualdade nas reunións da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral.

Art. 9º. Excepto designación expresa dalgún outro membro da Xunta Directiva por parte do Presidente, o vicepresidente sustituirá o Presidente nos casos de ausencia ou doença, previa comunicación aos membros da Directiva.

Art. 10º. Corresponde ao Secretario:

1º) Custodiar os libros, documentos e carimbos da Asociación, excepto os de contabilidade.

2º) Levar o libro de Rexisto de Socios e un ficheiro en que constarán os nomes, apelidos, profesión e domicilio dos asociados.

3º) Redixir as Actas das Asembleas Xerais e da Xunta Directiva.

4º) Librar certificacións con referencia aos libros e documentos da Asociación, co Vº Bº do Presidente.

5º) Levar a correspondencia e calquer outra función similar propria do cargo.

6º) Dirixir os servizos administrativos da Asociación e as súas publicacións actuando, se for preciso, como Xefe de Persoal.



Art. 11º. Corresponde ao Tesoureiro:

- 1º) Custodiar os fondos da Asociación e responder das cantidades sob a sua custodia.
- 2º) Cuidar os cobros e pagamentos, que deberán ser autorizados polo Presidente.
- 3º) Levar un libro de Caixa.
- 4º) Comunicar inmediatamente á Xunta Directiva e á Asemblea Xeral os incumplimentos ou irregularidades que se produzieren nos cobros e, en xeral, na xestión económica da Asociación.
- 5º) A inspección e custodia de certos documentos afectaren á organización contable e económica da Asociación.

Art. 12º. Corresponde aos Vogais :

- 1º) Asistir ás reunións da Xunta Directiva.
- 2º) Votar os acordos que nela se tomaren.
- 3º) Desempeñar calquier cargo ou misión para o que foren designados pola Xunta Directiva.
- 4º) Presidir as comisións temporais ou permanentes que lles encomendar a Xunta Directiva.

Art. 13º. A disposición de fondos e, en xeral, os cobros e pagamentos, serán realizados coa sinatura do tesoureiro e o Vº Bº do presidente.

Art. 14º. A asistencia dos membros da Xunta Directiva as súas reunións é obligatoria, podendo ser escusada por causa xustificada ante o presidente. Non son delegábeis as asistencias, nem poderán actuar os seus membros por representación.

CAPÍTULO IV SOCIOS. ADMISIÓN E PERDA DA CONDICIÓN DE SOCIOS. DIREITOS E DEBERES

Art. 15º. 1º) A Asociación *ESCOLCA Observatorio para a Defensa dos Direitos e Liberdades* terá dúas clases de socios:

- a) De número
 - b) Honorarios
- 2º) A condición de socio non é transferible.
- 3º) É condición indispensábel ser maior de idade e ter plena capacidade xurídica.

Art. 16º. Serán socios de número as persoas que participaren na Asamblea Xeral fundacional e aquellas que no futuro o solicitaren á Xunta Directiva e foren admitidas por esta, ficando obrigadas a abonar a cuota periódica establecida a partir dessa data.

Art. 17º. Serán nomeados socios honorarios as entidades ou persoas físicas que a xuízo da Xunta Directiva tivesen prestado, presten ou prestaren servizos relevantes á Asociación ou contribuiren aos fins da mesma con donativos, obras ou servizos que, pola súa importancia, os fixeren acredores desta distinción.



Art. 18º. 1º) O ingreso como socio de número ou honorario deberá ser solicitado á Xunta Directiva. Esta decidirá o que estimar conveniente sen estar obrigada a xustificar a sua decisión.

2º) Canto á admisión de socios honorarios, sen prexuízo do disposto no apartado 1º deste artigo, a Asociación rexeráse polo disposto na Lei Reguladora do Direito de Asociación, Lei Orgánica 1/2 de 22 de Marzo.

Art. 19º. Perderase a condición de socio nos seguintes casos :

1º) Por falta de pagamento : de seis cuotas mensais no caso dos socios de número e da cuota que tiveren asignada no caso de socio honorario .

2º) Por danar de forma grave a Asociación, sen merma do direito de libre expresión e actuación dos socios.

3º) Por faltas graves que a xuízo da Xunta Directiva vaian obxectivamente contra os fins da Asociación.

O acordo de expulsar un socio da Asociación terá carácter excepcional e será tomado pola Xunta Directiva, previo expediente instruído por un socio nomeado pola Xunta Directiva. Neste proceso de instrucción do expediente será ouvido o socio a quen se pretender sancionar e este poderá impugnar a sanción perante a Xunta Xeral inmediata , todo isto sen prexuízo da súa efectividade. Dese acordo sancionador darase conta á Asemblea Xeral inmediata que se celebrar.

Art. 20º. O importe das cuotas fixas que se abonan periodicamente fixase inicialmente na suma anual de 50 euros.

Art. 21º. Para a debida identificación dos seus socios a Asociación *ESCOLCA Observatorio para a Defensa dos Dereitos e Liberdades*, entregará aos seus membros a oportuna credencial

Art. 22º. Son deberes dos socios:

1º) Cumprir os Estatutos.

2º) Abonar as cuotas establecidas.

3º) Asistir aos actos sociais para os que foren convocados.

4º) Respetar os acordos sociais e contribuir ao seu cumprimento.

5º) Aceitar e servir con diliexencia os cargos sociais para os que foren nomeados.

Art. 23º. Son dereitos dos socios:

1º) Tomar parte nas assembleas xerais con voz e voto.

2º) Elexer e ser elixidos para os cargos sociais por um maximo de dous mandatos consecutivos para un mesmo cargo.

3º) Solicitar da xunta directiva os esclarecimentos e informes sobre as actividades e administración da Asociación.

O direito de información establecido no parágrafo anterior poderá ser exercido:

a) Por escrito, en solicitude presentada ante a Xunta Directiva por un 20% dos socios como mínimo.

b) Directamente por calquer socio, durante o prazo de convocatoria da Asemblea Xeral en que estiver previsto deliberar sobre as contas do exercicio. A tal efecto a documentación permanecerá a disposición dos socios na sede da Asociación.

É obligación dos socios manter segredo absoluto dos datos que coñeceren como consecuencia da información recibida.



4º) Os demais que se deduciren destes estatutos.

CAPÍTULO V PATRIMONIO FUNDACIONAL. RECURSOS ECONÓMICOS. LÍMITE DO ORZAMENTO ANUAL

Art. 24º. O patrimonio fundacional estará constituído polas contribucións dos socios e doazóns que se efectuaren a tal fin.

Art. 25º. Para desenvolver as suas actividades, a Asociación disporá dos seguintes recursos:

1º) As cuotas dos socios.

2º) Doazóns, aportacións ou legados.

3º) Os beneficios que se obtiveren en actividades públicas ou calquer outro ingreso que se obtiver conforme á lei e aos presentes estatutos.

4º) As cantidades que se obtiveren por arrendamentos, alugueres ou explotación comercial e industrial dos inmobles ou instalacións que a Asociación puder ter en propiedade ou administración.

5º) Calquer outro recurso obtido lícitamente.

6º) En todo caso, a Asociación non poderá solicitar, nem concorrer a, ningún tipo de subvención, axuda ou donativo procedente de entidades, institucións ou fondos públicos

Art. 26º. A Xunta Directiva redixirá anualmente a sua proposta de orzamento da Asociación, que será debatida e aprobada en Asemblea Xeral. Esta proposta estará a disposición dos socios quince días antes da reunión da Asemblea a fin de os seus membros poderen facer por escrito, até ao dia anterior, as alegacións que acharen oportunas.

Art. 27º. A data de encerramento do exercicio económico anual será o 30 de decembro

Art. 28. A Asociación levará libro de socios e cantos libros contabeis foren procedentes. Neles deberá reflectirse fielmente e conforme a lei a situación financeira, os resultados da Asociación e os inventarios de bens patrimoniais correspondentes. As contas da Asociación serán aprobadas anualmente pola Asamblea Xeral.

Art. 29º. Os fondos sociais estarán depositados nun Banco ou Caixa de Aforros, que designará a Xunta Directiva. Esta só poderá dispor destes fondos nas condicións dispostas no Art. 13º destes Estatutos e para os específicos fins non lucrativos perseguidos pola Asociación.

Art. 30º. No caso de vacante, ausencia ou petición do Tesoureiro, este será substituído por un membro da Xunta Directiva designado por este organismo que asumirá as mesmas responsabilidades.

CAPÍTULO VI



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

Art. 31º. A disolución da Asociación só poderá acordarse en Asemblea Xeral Extraordinaria, expresamente convocada para este fin. Non poderá ser disolvida se non o acordaren, como mínimo, duas terceiras partes dos socios asistentes.

Na mesma Asamblea Xeral que acordar a disolución da Asociación deberán ser tomados os acordos precisos para a proceder a liquidación da mesma. Tendo en conta o carácter eminentemente non lucrativo da Asociación a Asamblea Xeral deberá acordar a doazón dos ben sobrantes a entidades ou institucións con fins semellantes.

Art. 32º. Estes Estatutos só poderán ser modificados por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria, expresamente convocada para este fin e mediante os trámites esixidos pola Lei. Exceptúase o cambio de domicilio, previsto no artigo 3º destes Estatutos, para o que bastará o acordo da Xunta Directiva, que deberá comunicalo por escrito, no prazo establecido pola Lei, á Autoridade Gobernativa e aos socios.

Art. 33. No suposto de existir algunha controversia que requerer a intervención dos Tribunais estarase á xurisdicción e competencia dos Tribunais de Vigo.

Compostela, 11 de setembro de 2002



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR
E RELACIÓNS LABORAIS

Quedan VISADOS os presentes ESTATUTOS da ASOCIACIÓN ERGUÍDA
Observatorio para a defensa dos direitos e liberdades
correspondéndole o número 923 Sección PRIMERA
do REGISTRO CENTRAL desta Comunidade Autónoma.
Santiago de Compostela 18 de Maio de 2002

